



# Fina Casalderrey, homenaxeada pola AELG na súa terra natal este 2023

Recibirá a Homenaxe A Escritora na súa Terra en 2023 en Pontevedra.

Por [Galicia Confidencial](#) | Pontevedra | 16/01/2023

---

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) acordou o **outorgamento a Fina Casalderrey da Homenaxe A Escritora na súa Terra en 2023**, que recibirá en Pontevedra no mes de xuño.



Fina Casalderrey. XUNTA

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da Asociación, e tense constituído ao longo de **máis de dúas décadas como unha celebración na que a terra de acollida da homenaxeada** ten unha presenza fundamental. "É vontade da AELG honrar escritoras/es procurando o contacto directo coa autora e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe", indica a entidade nun comunicado.

Esta celebración da AELG vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón Letra E de escritora (unha peza escultórica), a plantación da árbore simbólica elixida pola propia autora e a colocación dun monólito conmemorativo.